

# **CEIP SAN ROQUE DE DARBO - CANGAS**



## **CONCRECIÓN CURRICULAR 2023-2024**

# ÍNDICE

1. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro
2. A contribución á adquisición das competencias clave
3. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais
4. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía
5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos
6. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso
7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias
8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentos de cursos anteriores, de ser o caso
9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso
10. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación
11. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso
12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas
13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas
14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

## **1. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

O CEIP Plurilingüe San Roque de Darbo atópase no concello de Cangas en Pontevedra. Este centro, que escolariza alumnado das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, pertence á comarca do Morrazo e sitúase no extremo suroccidental da península do mesmo nome. Cangas ten unha poboación aproximada de 26.584 habitantes e unha extensión territorial de 38,1 km<sup>2</sup>. O municipio consta de cinco parroquias: Aldán, Cangas, Coiro, Darbo e Hío. Cangas limita ao norte co municipio de Bueu, ao sur coa ría de Vigo, ao oeste co océano Atlántico e ao este co municipio de Moaña. Pola súa parte, a parroquia de Darbo está situada no centro do municipio, entre Coiro, Cangas e Hío.

O nivel socioeconómico e cultural das familias do entorno é medio, e cóntase coa súa participación no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

Tendo en conta estas características, ao longo das etapas de Educación Infantil e Educación vaise perseguir a consecución dos obxectivos de cada unha das etapas sempre traballando a partir do contexto máis próximo ao alumnado. Tal e como se definen no Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os obxectivos xerais son logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e dos que a súa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

Os obxectivos que se van a perseguir ao longo da etapa de Educación Infantil son:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura mediante un achegamento a través da conciencia fonolóxica, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Todos estes obxectivos iranse graduando ao longo dos tres anos para que dende 4º ata 6º de Educación Infantil se vaia progresando ata a súa completa adquisición ao final da etapa.

Os obxectivos que se van a perseguir de forma gradual ao longo da etapa de Educación Primaria son:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **2. A contribución á adquisición das competencias clave**

As competencias son definidas nos currículos de Educación Infantil e Primaria como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias que se van traballar ao longo das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria son:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Tal e como se establece no currículo de Educación Infantil e de acordo co expresado na recomendación do Consello da Unión Europea, non existe xerarquía entre as distintas competencias, xa que se consideran todas igualmente importantes. Tampouco se establecen entre elas límites diferenciados, senón que se solapan e entrelazan. Teñen,

polo tanto, carácter transversal, é dicir, ningunha se corresponde directa e univocamente cunha única área, e todas se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen nas distintas áreas. Este carácter transversal das competencias favorece o enfoque globalizado propio da etapa de educación infantil.

O mesmo ocorre en Educación Primaria onde a transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

En definitiva, espérase que a adquisición destas competencias ao longo da súa escolarización lle permita ao alumnado prepararse para afrontar con éxito os principais retos do século XXI: planificar hábitos de vida saudables, protexer o ambiente, resolver conflitos de forma pacífica, actuar como consumidores e consumidoras responsables, usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías, promover a igualdade de xénero, manexar a ansiedade que xera a incerteza, identificar situacións de inequidade e desenvolver sentimentos de empatía, cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade, formar parte dun proxecto colectivo e adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. A resposta a estes e a outros desafíos, entre os que existe unha absoluta interdependencia, necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes subxacentes ás competencias clave e son abordados de maneira global desde todas as áreas que conforman esta etapa.

Na etapa de educación infantil ampliáanse e refórzanse as aprendizaxes adquiridas e intensifícase o protagonismo da adquisición de destrezas que contribúan a «aprender a ser» e a «aprender a facer», para avanzar así no camiño cara ao desenvolvemento dun certo grao de autonomía, responsabilidade e iniciativa na realización de tarefas.

En ambos os ciclos, o proceso de desenvolvemento e aprendizaxe está marcado pola observación, a escoita activa e o aumento progresivo da actividade a través da experimentación e do xogo.

En Educación Primaria o que se pretende é que o alumnado ao rematar a etapa teña adquirido o perfil de saída onde se establecería que saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

- Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.
- Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorar as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgar criticamente as necesidades e os excesos e exercer un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.
- Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.
- Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.
- Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.
- Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular, as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.
- Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.



- Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.
- Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

A resposta a estes desafíos necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes que subxacen ás competencias clave e son abordados nas distintas áreas, ámbitos e materias que compoñen o currículo. Estes desafíos implican adoptar unha posición ética buscando o benestar persoal respectando o ben común. Requiren, ademais, transcender a mirada local para analizar e comprometerse tamén cos problemas globais. Todo iso esixe un pensamento sistémico, aberto e cun alto nivel de incerteza e unha capacidade de empatizar con aspectos relevantes asumindo valores de xustiza social, equidade e democracia, así como desenvolver un espírito crítico e proactivo cara ás situacións de inxustiza, inequidade e exclusión.

### **3. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Ao longo das etapas de Educación Infantil e Primaria existen unha serie de elementos transversais que deberán tratarse en todas as áreas, sen perxuízo de que teñan un tratamento específico nalgunha delas. No currículo de Educación Infantil inclúense como elementos transversais básicos os seguintes:

1. Desenvolvemento afectivo, xestión emocional, movemento e hábitos de control corporal.
2. Desenvolvemento da comunicación e da linguaxe.
3. Pautas elementais de convivencia e relación social.

4. Descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven.
5. Uso dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas.
6. Educación en valores.
7. Educación para o consumo responsable e sustentable.
8. Promoción e educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.
9. Autonomía persoal e desenvolvemento dunha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

No caso de Educación Primaria os principais elementos transversais son os seguintes:

1. Comprensión lectora e expresión oral e escrita
2. Comunicación audiovisual e TIC
3. Espírito emprendedor
4. Educación cívica
5. Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
6. Seguridade viaria
7. Sostenibilidade e coidado do medio ambiente

Estes valores serán tidos en conta durante toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos, de seleccionar estratexias que permitan o traballo en equipo e a colaboración. Algunhas estratexias a utilizar serán asembleas, diálogos, dramatizacións, adestramento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores. E, por suposto, os libros son un recurso fundamental para traballar estes elementos que deben impregnar todo o currículo, non só pola posibilidade de seleccionar os que conteñen historias con contidos deste tipo, senón porque os libros e as lecturas permítennos traballar emocións, estados de ánimo, diferentes motivacións, empatía ao poñernos no lugar dos personaxes... Ademais, terase en conta a importancia de colaborar coas familias a través das titorías para que estes elementos transversais se consideren importantes tamén na casa e asegurar a coherencia entre familia e escola.

#### **4. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

##### **2. 1. Criterios de carácter xeral.**

Tal e como se establece no decreto de currículo galego, tanto de Educación Infantil coma de Educación Primaria son indicacións para orientar ao profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.

A nivel xeral podemos destacar unha serie de principios fundamentados na teoría construtivista, co obxectivo de fomentar a aparición de aprendizaxes significativas, como defendía Ausubel, sempre acordes ao establecido no decreto de primaria. Partirase dos coñecementos previos do alumnado, destacando aprendizaxes básicas e imprescindibles e dotando os contidos dun enfoque integrador, interdisciplinar. Ao mesmo tempo, hai que centrarse na funcionalidade dos coñecementos para que os alumnos/as poidan aprender a aprender.

Porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades e na posta en práctica de reforzo, organizativo ou curricular, tan pronto se detecten as dificultades. Do mesmo xeito, teranse en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

A metodoloxía será comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e competencias clave a través de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. A lectura é fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, polo que se dedicarán 30 minutos a esta tarefa dos cales 20 son de lectura silenciosa e 10 dentro das tarefas levadas a cabo nas áreas curriculares. Traballaremos a autorregulación das aprendizaxes por parte del alumnado a través da zona de desenvolvemento próximo de Vigotsky, onde debo intervir, e impulsaremos a relación entre os coñecementos previos e a nova información. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación e a educación en valores

traballaranse en todas as áreas. Colaboraremos na elaboración e aplicación do proxecto lector que se desenvolverá no colexio.

Os contidos traballaranse interrelacionados. O noso papel será de guía, sendo o papel do alumnado activo. O traballo cooperativo, o compromiso democrático e a resolución pacífica de conflitos son a base do traballo na aula.

Do mesmo xeito empregaremos o desenvolvemento en espiral e a globalización de Decroly. Finalmente, crearemos un entorno seguro e motivador, segundo defendían Erickson e Wallon, aplicaremos diferentes técnicas de avaliación como portfolio, rúbricas, mapas mentais, diarios ou resolución de problemas e potenciaremos a integración das TIC no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Existen distintos tipos de agrupamentos fundamentais á hora de realizar as actividades: individual (permite adecuarse aos ritmos e capacidades de cada alumno/a), por parellas (colaboración e axuda mutua), pequeno grupo (traballo cooperativo) e gran grupo (sobre todo para contidos de tipo actitudinal). Todas estas modalidades axudan ao desenvolvemento persoal, académico e social do alumnado e axudan a fomentar o traballo cooperativo.

## 2. 1. Criterios específicos para a etapa de Educación Infantil.

Os tres principios básicos que rexen a nosa práctica educativa son: eloxio do cotiá poñendo en valor a participación nas tarefas de autocoidado persoal e da contorna no día a día favorecendo a autonomía do alumnado.

En segundo lugar, o acompañamento respectuoso como un principio que permite crear vínculos de apego seguro. Favorecemos este proceso de vinculación a través de entradas amables nas que implicamos ás familias na construción dunha relación positiva coa escola.

En terceiro lugar, o xogo como principio de aprendizaxe. A nosa metodoloxía partirá dun enfoque socioconstructivista, poñendo a mirada na acción do nen@ e empregando metodoloxías activas: instalacións, obradoiros, propostas de traballo baseadas en pe-

quenos proxectos que partan dos seus intereses... entendemos a figura da mestra como acompañante no proceso de aprendizaxe, observadora do proceso e dispoñible na escoita activa ó alumnado.

Traballaremos por ambientes e recantos que promovan propostas globalizadas de aprendizaxe. Partiremos da experimentación, así como de experiencias de aprendizaxe significativas. Aprendizaxes sensoriais e vivenciais serán un referente no deseño das propostas ó alumnado.

Neste sentido, respectaremos a individualidade de cada neno/a, fomentando as súas fortalezas e respectando a cultura da infancia, recollida na Convención sobre os Dereitos do neno/a. Consecuentemente, a resposta á diversidade do alumnado basearase no paradigma do Deseño Universal de aprendizaxe proporcionando múltiples formas de representación, expresión e implicación. O deseño das propostas mencionadas estará multinivelado para garantir a accesibilidade de tódolos nenos e nenas.

Con respecto a algunhas aprendizaxes concretas, as nosas propostas irán orientadas a favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura a través do desenvolvemento da conciencia fonolóxica e ás habilidades numéricas básicas. A maiores, se incluírá a educación en valores (educación para a saúde, educación ambiental, educación para a paz, entre outros)

No tocante á organización temporal destacamos a súa flexibilidade, adaptándose aos ritmos e necesidades de cada neno/a, dándolle prioridade á calma e alternando ao longo da xornada tempos de rutina e doutras actividades específicas.

## **5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Antes de nada debemos definir os recursos didácticos como todo aquel material, persoa ou espazo que participa de forma directa ou indirecta no proceso de ensinanza - aprendizaxe. Entre os recursos didácticos podemos atopar distintos tipos como:

1. **MATERIAIS:** son variados e teñen a finalidade de proporcionar información, guialo aprendizaxe, exercitar habilidades, motivar e avaliar. Os materiais máis destacados son: cadernos de aula de dobre pauta ou cuadrícula, en función das distintas materias, lapis e bolígrafos, compás, regra, folios, cartolinas, murais, distintos tipos de pinturas, fotografías, maquetas, mapas, entre outros moitos.
2. **HUMANOS:** son todos os membros da comunidade educativa, empezando polo propio alumnado. O papel do profesorado é fundamental, xa que ten a función de coñecer as características persoais e familiares dos alumnos/as e guiar todo o proceso de ensinanza aprendizaxe. Ademais dos alumnos/as contaremos con outros recursos humanos coma as propias familias. É destacable o papel do Departamento de Orientación coas especialista de AL, a xefa do departamento e as especialistas de PT.
3. **TIC:** serán fundamentais os ordenadores, tabletas, cámaras dixitais, teléfono móbil, impresora, fotocopiadora...entre outros moitos. O terceiro ciclo de Educación Primaria traballa con libro dixital, polo que se iniciará ao alumnado no uso das novas tecnoloxías nos cursos previos para desenvolver a competencia dixital adecuada. Do mesmo xeito durante o curso 2023-2024 porase en marcha un programa de Podcast a través da radio escolar e levaranse a cabo entrevistas e programas que se gravarán coa axuda dun croma. Empregaranse distintas plataformas para crear contidos e historias en formato dixital e todos os contidos poderán ser reforzados a través do uso da aula virtual dispoñible para cada unha das aulas e grupos.
4. **ESPACIAIS:** de dous tipos: os do centro, empregados na resolución das tarefas como: aula, patio, biblioteca escolar, ximnasio, pavillón...; e os comunitarios. Do mesmo xeito debemos destacar a vila de Cangas onde se levan a cabo diversas tarefas didácticas como parte do coñecemento do entorno máis próximo e a participación en diversas conmemoracións da vila.

O criterio esencial empregado á hora de seleccionar recursos e materiais será o de servir aos obxectivos propostos, relacionarse co contexto, as situacións educativas e as interaccións que queremos propiciar, así como fomentar o desenvolvemento pleno das competencias clave. Como criterios específicos que empregamos para a súa selección destacamos os seguintes:

- a. Ser flexibles, posibilitar usos diversos.
- b. Ser funcionais e adecuados á idade, aos intereses e ás motivacións dos nenos/as.
- c. Que a súa disposición non produza interferencias entre unhas actividades e outras.
- d. Ser hixiénicos e garantir a seguridade dos nenos e nenas.
- e. Ser lúdicos e didácticos.
- f. Ser resistentes, sólidos, estimulantes.
- g. Ser agradables esteticamente para fomentar o gusto polo traballo.
- h. Adaptarse á medida do uso dos nenos, da estatura, ser de fácil manexo...
- i. Ser abertos, para favorecer a creatividade e a improvisación.
- l. Atender aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- m. Propiciar o seu acceso e uso autónomo.
- n. Non ocupar demasiado espazo.

Dentro dos criterios hai que ter en conta que se adapten aos distintos grupos -aula e ao alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con necesidades específicas de apoio educativo. Para fomentar un maior aproveitamento dos recursos o que se pretende é levar a cabo distintos tipos de agrupamentos dentro da aula e fomentando a convivencia en actividades entre distintos grupos do centro, sexan ou non do mesmo nivel.

Consideracións sobre os recursos materiais en Educación Infantil.

A metodoloxía mencionada non sería posible se os materiais manipulativos non contribúen ó desenvolvemento integral do alumnado.

En primeiro lugar, priorizamos os elementos naturais nos recursos que poñemos a disposición do alumnado: paus, froitos, follas, pedras, toros de madeira, area... e outros elementos propios do cotiá.

En segundo lugar, entre o material de xogo diferenciamos aquel que presenta carácter estruturado: puzzles, cociña de madeira... de aqueloutro non estruturado: pezas soltas, torre Montessori, tubos, playmags, legos...

En terceiro lugar, destacamos material funxible diverso para a creación de producións plásticas: papeles de distinto tipo, cartulina, lápiz, rotuladores, ténpera, plastilina, masa de modelar, barro, ténpera...

Finalmente incidir naquel material que permite experiencias sensoriais como a mesa de luz, retroproyector...

Priorizaremos todo este material nas propostas de aula. Outros materiais dispoñibles: Tablet, pantalla dixital e ordenador.

Engadir apartado en recursos humanos concreto de EI

A mestra de apoio de educación infantil contribúe ó acompañamento do alumnado en base ós acordos do ciclo en base ás características dos grupos dos diferentes niveis. Non obstante, priorízase a súa presenza en 4º de EI durante o período de vinculación e ó longo do primeiro trimestre nese nivel.

## **6. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O CEIP Plurilingüe San Roque de Darbo oferta as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria e dentro destas as materias incluídas no currículo de cada unha das dúas etapas. Desta maneira o único salientable é que a ensinanza de relixión incluírase no segundo ciclo de Educación Infantil e na Educación Primaria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.



Ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poden manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelén reciban ou non ensinanza de relixión.

Para aqueles alumnos/as que non opten pola materia de relixión lévanse a cabo unha serie de medidas organizativas para que reciban a debida atención educativa. Esta atención planificarase e programarase polos centros docentes a través da área de Proxecto Competencial, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de mestres.

A avaliación da ensinanza da Relixión Católica e do Proxecto Competencial realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos ca a das outras áreas da educación primaria. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado.

Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtiveron na avaliación das ensinanzas de Relixión e do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias en que deban entrar en concorrència os expedientes académicos.

## **7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Como parte do proceso educativo e de desenvolvemento integral das distintas dimensións da personalidade do alumnado, desde o centro proporemos actividades complementarias e extraescolares. As actividades escolares complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Pola súa parte, as actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo.

Dende os equipos de Actividades Extraescolares, Biblioteca, Convivencia, Plurilingüismo e Dinamización Lingüística propóranse actividades ao longo do curso nas que a aula participará. Entre elas están:

- a) Conmemoracións e celebracións: Samaín, Magosto, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día Internacional das persoas con Discapacidade, Nadal, Día do Libro, Entroido, Día da Paz, Letras Galegas, Semana da Prensa, Día do Medio Ambiente, Día da Muller Traballadora, entre outros moitos.
- b) Visitas culturais e excursións: as que se propoñan por parte das mestras, contando co coñecemento do Claustro e coa aprobación do Consello Escolar.
- c) Actividades deportivas que o centro organice.

Entre os criterios fundamentais que se teñen en conta á hora de seleccionar as actividades complementarias e extraescolares pódense destacar os seguintes:

1. Que estean relacionadas directamente cos contidos traballados á aula.
2. Que respecten as diferentes cultural, relixións, razas, xénero...
3. Que se relacionen directamente coa vida e tradición cultural da contorna.
4. Que sexan integradoras, coeducativas, globalizadas e motivadoras.
5. Que fomenten a tolerancia, a empatía, a solidariedade e a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa.

## **8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.**

As actividades de reforzo serán levadas a cabo dentro da aula por parte das titoras/es e nos casos de alumnado con NEAE, e só en casos nos que sexa necesario, fóra da aula coa intervención das especialistas de PT e AL. Se é posible estas especialistas entrarán na aula para levar a cabo o apoio. Non obstante, estes alumnos e alumnas tamén reciben reforzo educativo dentro da aula por parte dos mestres e mestras. As tarefas estarán formadas por actividades variadas e adaptadas ás características, necesidades, motivacións e intereses do alumnado, detectados na avaliación inicial.

Estas actividades serán de diferentes tipos:

- a. De motivación e iniciación: empregadas para descubrir os coñecementos previos e motivar ao alumnado sobre o tema a traballar, para buscar, segundo Ausubel o punto de anclaxe.
- b. De desenvolvemento: para afondar no tema creando conflito cognitivo.
- c. De consolidación: para aplicar as novas aprendizaxes, permitindo a acomodación das informacións.
- d. De reforzo/ ampliación: para os alumnos/as que durante o proceso de e/a presentan problemas para alcanzar os obxectivos ou ben para aqueles que xa os teñen superados. Realízanse antes da avaliación para lograr unha mellora dos resultados, da motivación e do autoconcepto académico.
- e. De avaliación: para comprobar a consecución dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias.

Ademais, lavarase a cabo en cada grupo - aula unha adaptación de recursos para cubrir as necesidades e motivacións do alumnado, así como unha adecuada temporalización das tarefas e actividades, unha boa organización espacial e temporal e diferentes tipos de agrupamentos para a realización das tarefas, fomentando deste xeito unha mellor convivencia.

Para favorecer unha adecuada consecución dos obxectivos e un bo desenvolvemento das competencias fomentárase unha comunicación constante coas familias axudando a que participen da vida e actividades do centro. Do mesmo xeito, a coordinación entre o profesorado para facer fronte ás necesidades do alumnado é fundamental.

Potenciarase sempre o esforzo individual e o traballo en equipo. Levarase a cabo unha avaliación continua que poida identificar necesidades no momento en que aparezan e facer fronte ás mesmas.

No caso de que un alumno/a presente NEE e non poida seguir o ritmo da aula polas súas características excepcionais sempre se terá en conta o benestar socioafectivo do mesmo e levaranse a cabo medidas de carácter excepcional como pode ser unha adaptación curricular ou permanecer un ano máis no curso, aspecto que se explica no seguinte apartado.

### **9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

A avaliación do alumnado está regulada pola Orde de 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e se regula a súa avaliación e a ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e se regula a súa avaliación.

Non se levará a cabo a non promoción do alumnado de Educación Infantil a non ser que sexa un alumno/a con NEE que polas súas características e polo seu benestar socioemocional deba permanecer na etapa un ano máis.

Con respecto a educación primaria ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será

adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na orde que o desenvolve, a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.

- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Tal e como se establece na Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas comúns suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

## **10. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

A avaliación do alumnado está regulada pola Orde de 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e se regula a súa avaliación e a ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e se regula a súa avaliación.

A avaliación na etapa de educación infantil ten como procedemento de referencia a observación directa e sistemática. Empregaranse diferentes instrumentos como rexistros adaptados ás necesidades de cada titora ou a documentación pedagóxica.

Neste sentido, a avaliación na educación infantil ten carácter cualitativo de xeito que se atenderá ás características do proceso de aprendizaxe nas diferentes áreas como prioridade.

Non se levará a cabo a non promoción do alumnado de Educación Infantil a non ser que sexa un alumno/a con NEE que polas súas características e polo seu benestar socioemocional deba permanecer na etapa un ano máis.

Con respecto a educación primaria ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o

equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na orde que o desenvolve, a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma



sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

### **11. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Na sesión final de avaliación, é dicir, a que se levará a cabo no terceiro trimestre, tomaranse as decisións que afecten á promoción, titulación e obtención das mencións honoríficas. Estas serán concedidas seguindo o establecido na Orde de 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e se regula a súa avaliación. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaínte: 9 ou 10.

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobre-

saínte ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. Para que se leve a cabo esta situación, e despois de tomada a decisión en claustro, deben cumprirse unha serie de requisitos:

1. Que a decisión sexa tomada de forma unánime polo equipo docente de 6º de EP, curso onde se poderán outorgar.
2. Que o/a alumno/a proposto/a obteña sobresaínte, ao menos, nunha área.
3. Que a aplicación e actitude do alumnado proposto deben ser valoradas moi positivamente.

## **12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

É fundamental destacar a importante tarefa dos mestres/as no proceso de ensinanza aprendizaxe, como guías do alumnado á hora de desenvolver a súa motivación cara ás novas aprendizaxes, deixándolles liberdade. Para poder lograr este obxectivo é fundamental a programación didáctica, mapa de ruta fundamental á hora de traballar cos alumnos/as. Programar é planificar o proceso de e/a tendo en conta ao alumnado, ó entorno, ós medios e ós materiais para chegar ás metas propostas. A programación é o terceiro nivel de concreción curricular, despois da lexislación da etapa educativa e o Proxecto Educativo (PE), que permite adaptar a práctica docente ás características persoais do meu alumnado para satisfacer de maneira individualizada as súas necesidades e lograr o éxito educativo formando persoas que poidan facer fronte ás diferentes circunstancias da súa vida cotiá.

Por un lado, a programación ten sempre en conta os aspectos referentes á integralidade do entorno sociocultural do centro. Por outro ,preséntase a realidade do grupo de alumnos/as, que constitúe o punto clave do desenvolvemento do proceso de e/a. Por último, hai que ter en conta que a programación recolle os elementos que compoñen o desenvolvemento curricular das áreas na aula. É fundamental destacar o carácter aberto da programación entendida como documento aberto á crítica e á mellora e que

esixe unha profundización constante na análise dos seus contidos, así como o seu potencial no futuro como ferramenta para a reflexión e a crítica da praxe docente.

A programación de cada unha das áreas curriculares dos distintos cursos tenta dar unha resposta o máis axustada posible ás necesidades do entorno, na súa vertente epistemolóxica, sociocultural, pedagóxica, psicolóxica e afectiva.

A avaliación non só afecta aos procesos de aprendizaxe do alumnado senón tamén ao resto de elementos implicados no proceso de ensinanza, ao profesor e ao mesmo deseño curricular, e avalíanse os obxectivos, contidos, competencias clave, metodoloxía, recursos organizativos e materiais, e o propio sistema de avaliación. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua dos alumnos, parece conveniente incorporar información sobre a idoneidade dos distintos compoñentes da programación.

Desde unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados:

1. A comprobación de que a planificación se fixo correctamente e se concretaron as unidades de programación con todos os elementos curriculares prescriptivos incluídos.
2. A reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica. O docente, en coordinación co equipo didáctico, e dentro dos órganos de coordinación docente, analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto específico do grupo-clase. A partir desta análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas. As opinións do alumnado a través das súas autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino aprendizaxe.
3. Por último, despois da aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva, completárase cos resultados das avaliacións do alumnado. Despois do proceso de autoavaliación, definirase un plan de mellora vinculado aos aspectos que obtiveran cualificacións máis baixas na avaliación, co que se persiga mellorar os resultados académicos do alumnado.

Para a avaliación das programacións didácticas o centro conta cunha táboa de cotexo onde se valoran os seguintes apartados:

1. Motivación inicial do alumnado conseguida coa programación.
2. Motivación do alumnado ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.
3. Método de presentación de contidos.
4. Actividades da aula (se son variadas, motivadoras, equilibradas para os grupos, axudan á consecución dos obxectivos de etapa...).
5. Funcionamento dos recursos e a forma de organizar a aula.
6. Clima de aula creado coa posta en marcha da programación.
7. Atención a diversidade.

### **13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O centro leva a cabo unha metodoloxía en moitas das súas aulas baseadas en proxectos. Todas as aulas participan nun proxecto de centro e despois cada unha pode establecer outros proxectos menores a nivel de aula, nivel ou ciclo. A maiores cada grupo pode participar en proxectos externos. Todos estes deben cumprir unha serie de requisitos:

1. Que fomenten a atención á diversidade e a participación do conxunto do alumnado.
2. Que traballen aspectos que axuden á consecución dos obxectivos da etapa.
3. Que estean relacionados directamente cos contidos curriculares.
4. Que empreguen unha metodoloxía inclusiva.
5. Que poñan en valor os distintos elementos transversais traballados nas aulas.
6. Que teñan un efecto directo sobre a comunidade e unha repercusión social.
7. Que implique a participación de todos os membros da comunidade educativa.
8. Que fomenten a igualdade e a non discriminación.
9. Que favorezan a tolerancia entre todos/as.
10. Que axuden ao desenvolvemento das competencias clave.

#### **14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A comisión de coordinación pedagóxica supervisará a elaboración e responsabilizarase da redacción da concreción curricular para cada unha das etapas educativas que se impartan no centro, de acordo co currículo oficial e os criterios establecidos polo claustro.

No proceso de reflexión e discusión, a comisión de coordinación pedagóxica promoverá e garantirá a participación de tódolos profesores e solicitará os apoios necesarios dos órganos existentes para o efecto dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A concreción curricular debe ser un instrumento que permita a planificación da acción educativa e a reflexión sobre a propia práctica docente, polo que o proceso de elaboración deberá ter en conta as características e condicións de cada centro e o seu contorno, do alumnado e do equipo de profesores del. O procedemento de elaboración e o contido axustarase ó disposto no título IV, capítulo II, do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. En todo caso, tanto a concreción elaborada nun principio como as súas modificacións anuais serán aprobados polo claustro.

Como todo documento, esta concreción está aberta a cambios e modificacións. No momento en que se considere oportuno estas modificacións levaranse a claustro para a súa aprobación, e oído o consello, poranse en marcha.

#### **15. Disposición final.**

Esta concreción curricular está aprobada polo claustro de mestres, polo que será avaliada ao final de cada curso académico polo mesmo claustro que a aprobou para detectar posibles dificultades á hora de poñela en marcha ou ben propoñer melloras para cursos académicos posteriores. Desta forma a concreción será elaborada a principio de curso polo claustro de cada curso académico.